

Xosé Manuel Portela Fernández, con DI 32 407 493X, representante do Persoal de Administración e Servizos no Claustro Universitario como membro da candidatura Alternativa de PAS Asemblearia, con domicilio a efecto de notificacións na Rectoría, no Servizo de Informática e Comunicacions,



EXPÓN

- Que o 21 de xullo de 2016 o Consello de Goberno aprobou a Oferta de Emprego Público de persoal de administración e servizos para o ano 2016 (**anexo 1**: Orde do Día)
- Que nesa sesión non se informou (**anexo 2**: información presentada na sesión) de que a aprobación desa Oferta de Emprego levaba implícita a amortización de 6 prazas, tal e como figura na autorización da Consellería de Facenda de data 19 de xullo de 2016 (**anexo 3**).
- Que considera ilegal a ocultación da autorización da Consellería de Facenda ás persoas que forman parte do Consello de Goberno, posto que o órgano tomou unha decisión sen ter coñecemento das súas implicacións.
- Que, ademais, as amortizacións sinaladas á Consellería en ningún caso foron negociadas coa representación das traballadoras e traballadores.
- Que o artigo 2 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario, Das competencias do Claustro, o Apartado c sinala:

“Convocar, con carácter extraordinario, as eleccións a reitor por iniciativa dun terzo dos seus membros e coa aprobación de dous terzos.”

- Que coa finalidade de recoller firmas para convocar unha sesión extraordinaria do Claustro para exercer o dereito exposto no apartado anterior,

SOLICITA

- Listaxe das persoas que son parte do Claustro Universitario para dirixírmonos a elas para recoller a súa sinatura.
- Modelo oficial no que recoller as sinaturas para a convocatoria dese Claustro extraordinario

A Coruña, 20 de decembro de 2016

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'Xosé Manuel Portela Fernández', written over a horizontal line.

Asdo.: Xosé Manuel Portela Fernández

SR. SECRETARIO XERAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA